

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AUGAS DE GALICIA**

ANUNCIO do 23 de maio de 2024, do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica de Galicia Norte de Augas de Galicia, polo que se somete a información pública a solicitude de obras no concello de Cabana de Bergantiños (expediente DH.W15.100877).

En cumprimento do previsto no artigo 78 ter.2.a) do Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, faise público que se está a tramitar a seguinte solicitude de autorización/legalización de obras:

Solicitante: Antonio Vázquez Varela.

DNI: *** 1159**.

Expediente: DH.W15.100877.

Lugar: Corcoesto.

Parroquia: Corcoesto (San Pedro).

Concello: Cabana de Bergantiños.

Descrición das obras: as obras solicitadas consisten no peche de parcela, no polígono 501, parcela 233, mediante bloques de formigón prefabricado rematados mediante malla metálica.

A documentación estará dispoñible para a súa consulta no portal da internet de Augas de Galicia (<http://augasdegalicia.xunta.gal>), na sección denominada participación pública, así como nas oficinas deste servizo situadas na rúa Vicente Ferrer, nº 2, 9º andar, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe, cita previa no teléfono 981 18 25 30.

Os interesados poderán presentar alegacións durante o prazo de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, en calquera dos rexistros previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, 23 de maio de 2024

Néstor Rodríguez Arias
Xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica de Galicia Norte

